

ORDENANZA FISCAL Nº 8

TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS.

ARTIGO 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades conferidas pola Constitución e polo art. 106 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, de bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 de Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a "taxa pola expedición de documentos administrativos" que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo ó previsto no art. 58 da Lei 39/1988.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda ou coñeza a Administración Municipal.

2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

3. Non están suxeitos a esta taxa os documentos ou certificacións que expida a Administración Municipal en virtude de oficio de Xulgados ou Tribunais para toda clase de pleitos.

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as Entidades as que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, xeral tributaria, que soliciten ou provoquen a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.

Serán aplicables as normas de responsabilidade solidaria e subsidiaria establecidas nos artigos 37 e seguintes da Lei 230/1963, xeral tributaria, e demais normativa aplicable.

ARTIGO 5º.- EXENCIÓNS.

Non se reconece beneficio ou exención algunha, agás aquelas que veñan recollidas en normas con rango de Lei ou as que resulten da aplicación dos Tratados Internacionais ratificados polo Estado.

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, dacordo coa Tarifa que contén o artigo seguinte.

ARTIGO 7º.- TARIFA.

1. A taxa esixirase aplicando as seguintes cotas tributarias:

- Certificados de convivencia e residencia 6,00 € (998 ptas.)
- Certificacións de empadronamentos en Padróns anteriores, dacordo coas seguintes regras:
 - 3 € (499 pts) de tarifa mínima, polo último Padrón.
 - 1,20 € (200 pts) de tarifa por cada Padrón anterior, sumándose de xeito acumulativo ós 3 € (499 ptas) iniciais.
- Certificacións de documentos de acordos municipais..... 6 € (998 ptas.)
- Resto de certificacións 6 € (998 ptas.)
- Certificacións expedidas para testemoniar nas escrituras de declaración de obra nova rematada.. 61,90 € (10.300 ptas.)
- Certificados sobre o estado de edificios 61,90 € (10.300 ptas.)
- Certificacións de aliñacións ou de servizos urbanísticos existentes..... 12,62 € (2.100 ptas.)
- Outras certificacións urbanísticas 12,62 € (2.100 ptas.)
- Copia autenticada dos atestados de accidentes de circulación tramitados polos axentes da Policía local 18 € (2.995 ptas.)
- Expedición e revisión de tarxetas de armas de aire comprimido ou análogas, sexan permanentes ou temporais, por cada unha delas..... 6 € (998 ptas.)
- Compulsa de documentos en Ventanilla Única.....0,60 € (100 ptas.)
- Realización de copias de documentos..... 0,030050 € (5 ptas) /páx. a partir de 20 páxinas (exento se menos).

Encadernación de copias, segundo sinale a Comisión de Goberno en cada momento

para as publicacións que procedan, ó que se lle delega pola presente.

2. Cando a certificación requira traballo de arquivo, as cotas incrementaranse nas seguintes cantidades, sumada á establecida ut supra, de xeito que a contía da taxa actual se incrementará na cantidade que se sinala na fracción de anos en que coincida:

1995-1991	1,20 € (200 ptas.) máis se se refiren a algún destes anos
1990-1986	1,80 € (300 ptas.) máis se se refiren a algún destes anos
1985-1981	2,40 € (400 ptas.) máis se se refiren a algún destes anos
1980-1976	3 € (499 ptas.) máis se se refiren a algún destes anos
1975-1971	3,61 € (600 ptas.) máis se se refiren a algún destes anos
1970-1961	4,81 € (800 ptas.) máis se se refiren a algún destes anos
1960-1951	6 € (998 ptas.) máis se se refiren a algún destes anos
1950- cara atrás.....	9 € (1.497 ptas.) máis se se refiren a algún destes anos

ARTIGO 8º.- CRITERIOS XENÉRICOS DE CAPACIDADE ECONOMICA.

Ó abeiro do sinalado no artigo 24.4. da Lei 39/1988, as cotas indicadas no párrafo anterior aplicaráselles unha redución do 90% no caso de que os contribuintes persoas físicas teñan escasez de recursos económicos, sempre que así o acredite un informe do Asistente Social do Concello e previa solicitude do interesado, unha vez apreciada a súa capacidade económica polos Servicios Económicos do Concello.

ARTIGO 9º.- RETRIBUCIÓN.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

2. Nos casos ós que se refire o número 2 do artículo 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando ésta comence sen a previa solicitude do interesado, pero redunde no seu beneficio.

3. Non se devengará esta taxa cando a actividade administrativa estea suxeita a calquera outra taxa esixida por este Concello.

ARTIGO 10º.- LIQUIDACIÓN E INGRESO.

1.- A taxa liquidarase polo funcionario que reciba a solicitude no momento de rexistrar-la entrada da mesma e esixirase o pago nese mesmo intre. En todo caso, o pago será condición previa para poder retirar-lo documento ou certificación solicitada.

2.- En calquera momento, o Pleno da Corporación poderá adoptar-lo acordo de esixir-lo importe destas taxas mediante autoliquidación.

ARTIGO 11º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e as correspondientes sancións, rexerá o disposto nos arts. 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria, e na Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Inspección e Recadación do Concello, se existira.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As cotas tributarias fixadas no artigo 7 deste Ordenanza modificaranse anualmente dacordo coa variación do Índice de Prezos ó Consumo que sinale o Instituto Nacional de Estadística. O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre por exceso ou por defecto a centena superior ou inferior.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial Provincial.

DILIXENCIA.-

Aprobación: Pleno ord. 02/11/1995. B.O.P. nº 292, do 22/12/1995.

Modificación: Pleno ord. 26/10/1999. B.O.P. nº 299 do 31/12/1999 e nº 15, do 20/01/2000.

Modificación: Pleno extr. 17/11/2000. B.O.P. nº 298, do 30/12/2000.

Modificación: Pleno ord. 19/11/2001. B.O.P. nº 298, do 31/12/2001.

